Da **Coruña** a **Santiago**

DISTANCIA **73** Km

DIFICULTADE **BAIXA**

A CORUÑA-SERGUDE	19,834 km
SERGUDE-BRUMA	12,047 km
BRUMA-POULO	9,881 km
POULO-SIGÜEIRO	15,238 km
SIGÜEIRO-SANTIAGO	16,000 km

O Camiño Inglés ten dous puntos de partida: A Coruña e Ferrol. É o primeiro deles o que historicamente recibiu a máis peregrinos. Os dous trazados únense na aldea das Travesas, en Carral (un dos 18 municipios que conforman esta ruta xacobea), moi preto dese enclave medieval histórico que é Hospital de Bruma. A Coruña merece polo menos unhas horas, e se hai que escoller, catro son os edificios que chaman a atención, ademais da igrexa de Santiago ao pé do punto de partida: a Torre de Hércules (o faro romano en funcionamento máis antigo do mundo), o castelo de Santo Antón (antes prisión e illa, hoxe museo arqueolóxico unido a terra), a colexiata de Santa María (na Cidade Vella) e o palacio de María Pita, sede do Concello. Por último, hai que facer constar que non son poucos os peregrinos que salvan a distancia que hai entre Bruma e Sigüeiro (25,119 km) nun só día.

OS ALBERGUES

Sergude. Dispón de auga quente, calefacción central, cociña sen utensilios, comedor, duchas, internet / wifi en zonas comúns, lavadora e secadora de pago, microondas, salón de estar e tendal.

Bruma. Albergue construído sobre unha edificación tradicional. Distínguese claramente esta última do engadido moderno. Ofrece 22 prazas en tres dormitorios. Ten cociña, microondas, neveira e resgardo para bicicletas, e é accesible para persoas con mobilidade reducida.

Poulo. É o albergue máis recente do Camiño Inglés, entre Bruma e Sigüeiro, e ocupa unha antiga reitoral de gran tamaño. Ten 42 prazas. Pon a disposición dos peregrinos auga quente, calefacción central, cociña, comedor, frigorífico, xardín-terraza, lavadoiro, microondas e sala de estar.

Ademais destes albergues oficiais, ao longo das dúas ramas do Camiño Inglés abren as súas portas establecementos privados de diversa categoría. Moitos deles ofrecen recoller ao peregrino para facer noite ao rematar a xornada e trasladalo ao mesmo punto ao día seguinte. Máis información na web www.caminoingles.gal.

Albergue de Poulo

AXENDA

Protección Civil: 112. **Urxencias Sanitarias:** 061. **Garda Civil:** 065. **Información do tempo:** www.meteogalicia.gal

Atención Cidadá na Coruña: 010

Turismo de Coruña: 661 687 878 (Whatsapp)
De luns a domingo de 10 a 14 e de 16 a 19

Oficina de Turismo (A Coruña)
Praza de María Pita, 6. Tel.: 981 923 093
De luns a domingo de 10 a 14 e de 16 a 19

Turismo de Santiago
Rúa Vilar, 63. Tel.: 981 555 129

Oficina de Turismo de Galicia (Santiago)
Mazarelos, 15. Tel.: 881 866 397

Non podes perder

Igrexa de Santiago. Ao lado do porto histórico do Parrote. Foi levantada no século XII, se ben sufriu sucesivas reformas.

Igrexa de Santiago do Burgo. Magnífico exemplar de románico do século XII case ao bordo da auga.

Igrexa de San Paio de Buscás. No municipio de Ordes. Conta cunha imaxe policromada do santo que ocupa unha fornela na cabeceira.

Fonte da Santiña. No municipio de Oroso, e por certo con mesas e bancos para descansar. É un enclave histórico xa citado polo padre Sarmiento no século XVIII.

Web:
www.caminoingles.gal
Grupo de Facebook:
Camino Inglés Oficial
Fan Page de Facebook:
Camino Inglés
Instagram:
@caminoinglesoficial

ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS

Deputación DA CORUÑA

ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS

Conxunto histórico monumental de Sigrás

Ferrol 01
Narón 02
Neda 03
Fene 04
Cabanas 05
Pontedeume 06
Miño 07
Paderne 08
Betanzos 09
Abegondo 10
A Coruña 11
Culleredo 12
Cambre 13
Carral 14
Mesía 15
Ordes 16
Oroso 17
Santiago de Compostela 18

Aqueles que parten da Coruña percorren primeiro a cidade en paralelo ao mar. Pero antes terán que visitar a magnífica igrexa de Santiago, que de feito é o punto de partida: os peregrinos medievais desembarcaban no moi próximo porto do Parrote.

O Burgo

Así pois, unha vez en marcha o peregrino vai dirixirse cara ao alto de Eirís, hoxe urbanizado, e aí pérdese de vista a cidade, mentres se descende de novo cara ao nivel do mar. En zigzag, o Camiño Inglés vai conducir cara á igrexa de Santiago do Burgo, outro exemplar románico no que destacan as súas ábsidas. A igrexa é veciña dun cruceiro que se alza na entrada dunha ponte que non se vai pasar, pero que raro é quen non a fotografa: a ponte do Burgo.

Pero, en fin, non se cruza, senón que se circula pola dereita, subindo a Almeiras e deténdose na súa igrexa para logo descender cara á ponte de Xira. Ese subir e baixar treitos curtos con pendentes suaves é característico do Camiño Inglés, coa excepción despois da localidade de Aquelabanda.

Pero antes de chegar ata aí hai que deterse nun conxunto histórico e artístico de primeiro nivel: Sigrás. Aí, rodeados de natureza, érguense unha igrexa, un cruceiro, unha reitoral levantada sobre o que quedaba do antigo hospital de peregrinos e un pozo para o que o cualificativo de impresionante non soa esaxerado.

Castro das Travesas

Cando rematan os bosques aparecen os prados, e a gran panorámica vai chamar a atención, desviándoa da paisaxe inmediata: granxas e gando vacún. E chégase así á aldea das Travesas.

Desde As Travesas, o peregrino marcha xa por un itinerario único. É dicir, aí uniuse a aqueles que proceden de Ferrol.

San Caetano

Entre Sigüeiro e Santiago, que é a derradeira etapa do Camiño Inglés, destacan tres elementos. O primeiro é a ponte da Idade Media, de grandes dimensións e que salva o río Tambre; á súa entrada colocouse unha estatua na honra de Margery Kempe, a primeira peregrina inglesa da que se ten noticia. O segundo, o Bosque Encantado. E o terceiro, a igrexa de San Caetano, xa nos primeiros metros da cidade de Santiago.